



OBXECTIVOS

- Achegar a lectura e a escritura aos nenos e ás nenas.
- Crear un clima agradable e motivador que favoreza a escoita e o poder da palabra como pozo evocador.
- Estimar as producións plásticas, literarias e musicais como ben cultural e como acto de comunicación.
- Desenvolver unha conciencia crítica e selectiva en relación coas lecturas.
- Promover as tradicións e expresións orais en lingua galega como vehículo do noso Patrimonio Cultural Inmaterial.
- Adquirir unha sensibilidade estética, tanto no plano literario como plástico, valorando o traballo de ilustración e o deseño dos libros.
- Fomentar a creatividade e os procesos de creación.

RELACIÓN CO CURRÍCULO

- Animación á lectura / Lingua e literatura galega / Educación artística / Educación patrimonial.

ACTIVIDADES PARA CENTROS DE ENSINO

- Presentación da campaña ao profesorado.
Martes, 5 de abril, ás 18:30 h na Galería Sargadelos.
- Visitas guiadas á exposición e sesións de contacontos.
- Obradoiros de ilustración con PABLO OTERO.
- Obradoiros de escrita creativa con Alberto Barreiro «WARREN».
- Sesións formativas:
Encontro con CARME SOLÉ, Premio Nacional de Ilustración.
Xoves 14 de abril, ás 18:30 h na Galería Sargadelos.

ACTIVIDADES NAS ESCOLAS INFANTÍIS

de Conxo, As Fontiñas, San Roque, Polígono do Tambre, Trasparlamento e Salgueiriños

- Datas:
- 2 de maio na Escola Infantil de Meixonfrío-Salgueiriños.
 - 2 de maio na Escola Infantil das Tambre.
 - 3 de maio na Escola Infantil do Conxo.
 - 3 de maio na Escola Infantil de Fontiñas.
 - 4 de maio na Escola Infantil de San Roque.
 - 4 de maio na Escola Infantil de Tras Parlamento.

ACTIVIDADES FORMATIVAS

Sesión especial para educadores

- Encontro coa Ilustradora CARME SOLE «O oficio de ilustrar».
Xoves 14 de abril, ás 18:30 h na Galería Sargadelos.

ACTIVIDADES DIARIAS

- Dirixido a: Centros de educación infantil e primaria
Duración: 60 minutos
Lugar: Galería Sargadelos. Rúa Nova, 16. Santiago de Compostela

SESIÓNS DE CONTACONTOS E VISITAS GUIADAS Á EXPOSICIÓN

- Dirixido a: Nenos e nenas de educación infantil e primeiro ciclo de educación primaria.
Datas: Do 1 de abril ao 14 de maio.
Nº alumnos: Número máximo 50 alumnos/as.
Horario: 10 h, 11 h e 12 h.

OBRADOIROS DE ILUSTRACIÓN: «IMAXES FANTÁSTICAS»

- Obxectivos: Achegar os máis cativos ao proceso de creación e valorar as producións plásticas como ben cultural e acto de comunicación.
- Contido: Obradoiros de ilustración.
- Datas: 1 de abril, 9, 10, 11, 12 e 13 de maio.
- Nº alumnos: Grupo-clase.
- Dirixido a: Nenos e nenas de segundo ciclo de educación primaria.
- Horario: Ás 10 h e ás 11:30 h.

OBRADOIROS DE ESCRITA CREATIVA: «HISTORIAS FANTÁSTICAS»

- Obxectivos: Achegar os máis cativos ao proceso de creación e valorar as producións literarias como ben cultural e acto de comunicación.
- Contido: Obradoiro de escrita creativa.
- Datas: 1 de abril, 28 e 29 de abril, 2, 3 e 4 de maio.
- Nº alumnos: Grupo-clase.
- Dirixido a: Nenos e nenas de terceiro ciclo de educación primaria.
- Horario: Ás 10 h e ás 11:30 h.

ACTIVIDADES ABERTAS

DO BERCE Á LÚA: SESIÓNS DE CONTOS PARA BEBÉS

Obxectivo: A chegar os máis pequenos e as familias á literatura a través de cantos, rimas, ditos e contos.

Destinatarios: Nenos e nenas entre 0 e 3 anos acompañados por un adulto.

Data: **23 de abril, DÍA DO LIBRO, ás 11:30 e ás 12:30 h.**

Lugar: Galería Sargadelos. Rúa Nova, 16. Santiago de Compostela.

Capacidade limitada. Solicitar reserva no Departamento de Educación.

SESIÓN ABERTA DE CONTOS E MÚSICA PARA AS FAMILIAS

Destinatarios: Nenos e nenas, nais e pais, profesorado e persoas interesadas

Data: 2 de abril, DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL, ás 12:00 h

Lugar: Galería Sargadelos. Rúa Nova, 16. Santiago de Compostela

CLAUSURA DA XVI CAMPAÑA MUNICIPAL DE ANIMACIÓN Á LECTURA

Destinatarios: Nenos e nenas, nais e pais, profesorado e persoas interesadas.

Data: **14 de maio, ás 12 h.**

Lugar: Galería Sargadelos. Rúa Nova, 16. Santiago de Compostela.
Celebraremos a clausura con contos, música e outras sorpresas, acompañados polos alumnos e alumnas da Escola Municipal de Música.

IX PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA PARA ÁLBUMS ILUSTRADOS

O Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa editorial Kalandraka, no marco da súa XV Campaña de Animación á Lectura, convocou o IX Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados. O veredicto do xurado darase a coñecer o día 14 de abril de 2016.

As bases do concurso poden consultarse na páxina web do Concello de Santiago de Compostela: www.santiagodecompostela.org

Información e reservas no Departamento de Educación e Cidadanía:

dptoeducación@santiagodecompostela.org

Telf.: 981 554 400 / 401 - Fax: 981 571 511

PREZO DAS ACTIVIDADES: DE BALDE

IX PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA PARA ÁLBUMS ILUSTRADOS

SESIÓNS DE CONTACONTOS PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

ACTIVIDADES NA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

SESIÓNS FORMATIVAS PARA EDUCADORES

VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS

OBRADOIROS DE ILUSTRACIÓN

OBRADOIROS DE ESCRITA CREATIVA

CONTOS E MÚSICA PARA AS FAMILIAS

SESIÓNS DE CONTOS PARA BEBÉS



CONCELLO DE
SANTIAGO

Departamento de
Educación e Cidadanía

 SARGADELOS


Kalandraka


DEPUTACION
DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Ilustración do libro DESPOIS DA CHUVIA de Miguel Cerro, obra gañadora do Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados no ano 2015

CONTOS

para despois da chuvia



XVI CAMPAÑA MUNICIPAL
DE ANIMACIÓN Á LECTURA

DO 1 DE ABRIL
AO 14 DE MAIO
DE 2016